



Descrición

Aparecen dúas estruturas diferenciadas no tempo e na tipoloxía para os cubertos da feira:

1ª Unha estrutura lonxitudinal, máis antiga e vernácula, construída ao longo do antigo camiño, da que teñen desaparecido algúns dos elementos que a conformaban. É de resaltar o valor da modulación da estrutura e a expresión construtiva da mesma a través dunha tectónica moi básica. Constrúese cun muro traseiro cego e piares de pedra á fronte nos que se apoia a cuberta. No interior existen bancos e mesados de pedra nun estado deficiente de conservación. Na actualidade non ten uso algún.

2ª Unha arquitectura de feira que introduce e transforma a tipoloxía orixinal noutra máis nova de pequeno mercado. Trátase dunha construción a dúas augas con soportal exterior nun dos seus laterais, reproducindo a forma de uso tradicional. No interior, ao que se accede polos dous testeiros, a distribución dos mesados achégase ás paredes mentres que o espazo central queda libre. Segundo reza placa conmemorativa, con xugo e frechas, é unha construción do ano 1957.

Adscrición cultural

Contemporánea

Tipoloxía

Feira

LOCALIZACIÓN

Parroquia

San Xurxo de Sacos

Lugar

Cuspedriños

Coordenadas UTMT29 ETRS89

X: 539779 Y: 4705093

Coordenadas WGS84

Lonxitude: -8.517434 O

Latitude: 42.495249 N

